



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



Acta da Xunta de Escola ordinaria do 30 de marzo de 2009

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 30/03/2009.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 30/03/2009.
- III. Documento IT01-PA01, relativo ao plan de calidade.
- IV. Memoria económica e liquidación do orzamento do exercicio 2008.
- V. Orzamento para o exercicio 2009.

Ábrese a sesión ás 11 horas e 10 minutos na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S.E. de Minas, presidida polo Director, e se tratan os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas da sesión celebrada o 17 de decembro de 2008.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da anterior Xunta de escola, celebrada o 17 de decembro de 2008

2. Informe do Director.

O director informa sobre:

- A edición do libro de Proxectos Fin de Carreira e Prácticas en Empresa, que é interesante para accións de divulgación e visitas ao centro e aos institutos.
- O Forum Orienta 2009 celebrado en A Coruña no que participaron 3 profesores e 3 alumnos do centro
- A Conferencia Internacional sobre Minería Sostible, na que o centro participa dentro do comité organizador e donde se conseguiron 50 prazas gratuítas para



Universidade de Vigo

Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas Universidade de Vigo

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



alumnos do centro. Por outra banda a Comisión Permanente a considerou como unha actividade de máximo interese, concedendo créditos de libre elección. Debido ao solape coas clases, solicítase do profesorado que teña certa flexibilidade cos alumnos que asisten á citada conferencia.

- A exposición sobre la minería do volframio en Galicia que estivo 3 meses exposta e contribuíu a mellorar a imaxe da escola.
- A ACSUG aprobou definitivamente o plan de calidade do centro e xa se está a proceder á súa implantación.
- Os reloxos que foron roubados das aulas 11 e 12, e por outra parte nun coffee breack celebrado na escola foron roubados uns termos. Tratouse o tema coa administradora do centro e se estudia ter as aulas abertas exclusivamente en horario académico.
- Con respecto ao VAD, nesta ocasión o centro quedou en 5ª posición e foi o primeiro do ámbito tecnolóxico. Isto supón unha fonte de ingresos extra para o centro.

3. Aprobación, se procede, dunha subvención e un aval para o CARTEL.

Tras unha presentación da actividade por parte duns membros do Cartel, a Xunta de Escola aproba por asentimento unha subvención de 3000 € e un aval de 6000 € a esta asociación. Os representantes do cartel que asistiron á Xunta de Escola afirman que en ningún caso nin o centro nin a Universidade terán que facer fronte a ningún pagamento derivado de este aval. Por outra parte estes mesmos representantes comprométese a seguir dando soporte a aula 0.

4. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S.E. de Minas.

Apróbase por asentimento o documento IT01-PA01, que se achega como anexo III a esta acta.

5. Aprobación, se procede, da memoria económica e liquidación do orzamento 2008.

O subdirector de infraestructuras informa que se enviou previamente a memoria económica vía e-mail aos membros de Xunta de Escola e que tamén estiveron a disposición dos mesmos os listados detallados dos gastos unha semana



Universidade de Vigo

Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas Universidade de Vigo

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



antes da Xunta de Escola. O subdirector de infraestructuras agradece o traballo realizado pola Administradora de Centro Dona Ana Cacheiro.

Apróbese por asentimento a memoria 2008 (que se achega como anexo IV a esta acta).

6. Aprobación, se procede, do orzamento para o ano 2009.

O subdirector de infraestructuras informa que se enviou previamente o orzamento para o ano 2009 vía e-mail aos membros de Xunta de Escola.

O subdirector de infraestructuras agradece o traballo realizado pola Administradora de Centro Dona Ana Cacheiro.

Apróbese por asentimento o orzamento para o ano 2009 (que se achega como anexo V a esta acta).

7. Aprobación, se procede, da modificación do programa dunha materia.

Apróbese por asentimento a modificación do programa da materia “Resistencia de Materiais I”.

8. Aprobación, se procede, da modificación da data de exame das materias de libre elección.

A Xefa de Estudos presenta a modificación das datas de exame nas convocatorias de xuño e setembro da materia “Introducción aos xacementos de gas e petróleo”, xustificada pola coincidencia con exames de primeiro curso e considerando que a maioría dos alumnos que cursa nestas materias son alumnos de primeiro.

A Xunta de Escola aproba por asentimento que o exame da convocatoria de xuño se celebre o xoves, 18 de xuño, ás 16:00 na aula M-211, e que o exame da convocatoria de setembro se celebre o mércores 16 de setembro ás 16:00 na aula M-211.

9. Aprobación, se procede, da proposta de titulación de grao, e Xunta de titulación correspondente, a formular por esta Escola.

A comisión do centro encargada de elaborar unha proposta de grao reactivouse para presentar ante a Xunta de Escola unha proposta de titulación. Tras 3 reunións esta comisión acordou pospor calquera decisión.

A Xunta de Escola acorda por asentimento pospor calquera decisión relativa a elevar unha proposta de titulación de grao.



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



10. Rolda aberta de intervencións.

Intervén José Durany para manifestar o seu desgusto coa Comisión Permanente por non aprobar unha proposta de validación por Créditos de Libre Elección do “VI Foro de interacción MATEMÁTICA APLICADA-INDUSTRIA” por ter unha duración inferior a 15 horas.

Enrique Orche comenta que durante os exames de febreiro, coincidiulle un acto na aula adxunta á súa, na que se produciu un gran alboroto que perturbaba o normal desenvolvemento do exame. Desde a dirección manifestouse que se descoñecía de que tipo de acto se trataba.

Javier Puga manifesta que a imposibilidade de acumular horas en diferentes actividades con duración inferior á mínima esixida pola comisión permanente, de maneira que permitan a súa validación conxunta, esta prexudicando aos alumnos. Desde delegación están elaborando un tipo de regulamento que permita corrixir esta situación.

Teresa Rivas queixase de que o ordenador da aula de grao tiña virus. Desde a dirección infórmase que se está solucionando dita situación.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 50 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, trinta de marzo de dous mil nove.

Vº e Prace
O Presidente

O Secretario

Pedro Arias Sánchez

Enrique Granada Álvarez



Universidade de Vigo

***Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
Universidade de Vigo***

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 30/03/2009



Universidade de Vigo

***Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
Universidade de Vigo***

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 30/03/2009



Universidade de Vigo

**Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
Universidade de Vigo**

Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924



Asistentes Xunta de Escola ordinaria 30/03/2009

PROFESORES	
1.	Presidente: Pedro Arias Sánchez
2.	Secretaria: Enrique Granada Álvarez
3.	Alejano Monge, Leandro
4.	Alonso Prieto, Elena
5.	Álvarez Vázquez, Lino José
6.	Badaoui Fernández, Aida
7.	Cabeza Simó, Marta María
8.	Caparrini Marín, Natalia
9.	Carrillo González, Camilo José
10.	Cerdeira Pérez, Fernando
11.	Correa Otero, Antonio
12.	Díez Ferrer, José Bienvenido
13.	Durany Castrillo, José
14.	García Bastante, Fernando
15.	García Vázquez, José Manuel
16.	Gómez Márquez, Iván
17.	González Rodríguez, Elena
18.	Lanaja del Busto, José María
19.	Mandado Vázquez, Alfonso
20.	Orche García, Enrique
21.	Ordóñez Galán, Celestino
22.	Pérez Pérez, Carmen
23.	Porto Arceo, Enrique
24.	Rivas Brea, Teresa
25.	Saavedra González, María Ángeles
26.	Sánchez Bermúdez, Anxo Manuel
27.	Vázquez Dorrío, José Benito
28.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Puga Alonso, Javier
2.	Siveira Loureiro, Javier
3.	Vázquez Piñeiro, Ana
4.	Veleiro Pinal, Iván
PAS	
1.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Total membros Xunta de Escola :	45
Asistentes	33



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



ANEXO III

Documento IT01-PA01, relativo ao plan de calidade



Universidade de Vigo

*Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
Universidade de Vigo*

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



ANEXO IV

**Memoria económica e liquidación do orzamento do
exercicio 2008**



Universidade de Vigo

***Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas
Universidade de Vigo***

*Rúa Maxwell – Campus Universitario - 36310 VIGO (Pontevedra)
Tfno. 986-812205; Fax: 986-811924*



ANEXO V

Orzamento para o exercicio 2009